



SEMANA da CULTURA XiTANA

GUÍA de LECTURAS

CPI DOMINGO FONTÁN · MAIO 2023




O Equipo da Biblioteca do CPI Domingo Fontán quere aportar o seu graniño de area á celebración da Semana da Cultura Xitana facendo unha escolma de lecturas relacionadas co tema.

A cultura deste milenario e (ás veces) errante pobo está moi vinculada á Arte (especialmente á música e ao baile) e serve de elemento de unión entre as distintas comunidades espalladas polo mundo.

A Cultura Xitana baséase, sobre todo, na tradición oral, transmitindo os seus costumes, creacións e tradicións oralmente de xeración en xeración. Sendo quen de preservala a través dos continentes e dos séculos a pesares de todos os impedimentos.

Porén, esta “profética tribu” (como a chama Baudelaire), aparece reflectida nalgunhas das máis grandes obras da Cultura Universal como Notre Dame de París (de Víctor Hugo), Cien Años de Soledad (do Nobel García Márquez) ou a ópera Carmen de Bizet, ficando para sempre no imaxinario colectivo, aínda que a maioría das veces os xitanos son retratados de xeito exótico, folclórico e/ou estereotipado, sen afondar demasiado na realidade.



PATATITA

de Pilar Molina Llorente
ED. BARCO DE VAPOR


Patatita é un neno xitano que viaxa coa súa familia de feira en feira. Sempre está acompañado do seu fiel can Caldero, o seu mellor amigo. Cando o chaval fica mirando uns pasteles o can desaparece, polo que Patatita ten que iniciar unha busca infatigable.



CARMEN

Ilustrado por Benjamin Lacombe
ED. EDELVIVES


No s.XIX o francés Prosper Mérimée escribiu esta novela segundo a súa visión exótica da España da época e que se fará universal pola ópera de Bizet. Nela conta os apaixonados e trágicos amoríos dunha cigarreira xitana cun bandido e un toureiro. A súa protagonista convertiuse nun mito da femme fatale, libre e sedutora, capaz de arrastrar á perdición a todos os homes.



MELODÍA EN LA CIUDAD

de Benjamin Lacombe
ED. EDELVIVES

Alejandro está destinado a acabar traballando nunha fábrica como os demais xóvenes da súa contorna. Porén un bo día chega o circo ao seu pobo e con el unha fermosa rapaza xitana que lle axuda a atoparse a si mesmo e a cambiar o seu destino...







ROMANCERO GITANO

de Federico García Lorca

Esta obra poética consta dun total de 18 romances, cuxos temas xiran arredor do mundo mítico dos xitanos e que tratan temas tan universais como o destino trágico, a frustración por desexos non cumpridos ou o sentimento de culpa.

Lorca mestura temas cultos e populares e emprega as súas famosas metáforas e símbolos do seu universo particular: a noite, a morte, o ceo, a lúa.



NUESTRA SEÑORA de PARÍS (Tomos I e II) e EL JOROBADO de NOTRE DAME


Nosa Señora de París (Notre-Dame) é unha novela do escritor francés Víctor Hugo, publicada no 1831, e que se convertiu nun clásico universal do Romanticismo.

Conta a desdichada historia do xorobado Quasimodo e a xitana Esmeralda no París do século XV, coas súas sombrías rúas poboadas de pobres e marxinaos e a fermosa catedral gótica.

Esmeralda, que adiviña o futuro e atrae fatalmente aos homes, é inxustamente acusada da morte do seu amante e condenada a morte.


Quasimodo, o campaneiro da catedral de Notre Dame, de forza sobrehumana e gran fealdade, pero cun gran corazón, decide salvala e intenta darlle asilo na catedral.

Na nosa Biblioteca temos dous tomos ilustrados polo marabilloso artista Benjamin Lacombe e tamén dúas adaptacións ilustradas para nenos máis pequenos.



CAMARÓN. LA LEYENDA DEL GENIO

de Sete González
Vidas Ilustradas



LOLA FLORES. EL ARTE DE VIVIR

de Sete González
Vidas Ilustradas



CAMARÓN. DICEN DE MÍ

de Carlos Reymán
e Raulowsky

Tamén temos na Biblio, na Sección de Novela Gráfica e Libros Ilustrados, obras sobre dous dos artistas máis coñecidos da Cultura Xitana: Camarón de la Isla e Lola Flores.

Camarón (José Monje Cruz) é uns dos maiores xenios do Flamenco e Lola Flores todo un icono da cultura popular española. Os dous libros da Editorial Lunwerg Editores forman parte da colección Vidas Ilustradas, dedicada a contar a biografía de figuras representativas da música mundial e que contan con fermosísimos debuxos moi orixinais realizados por Sete González.

O terceiro libro, “Camarón, dicen de mí”, que fai referencia a unha das cancións máis coñecidas deste artista, é un cómic monográfico para “escouitar flamenco” ilustrado por Raulowsky a xeito de sentida homenaxe.




CIEN AÑOS DE SOLEDAD

de G. García Márquez

Aínda que neste caso o xitano Melquíades non é o protagonista da novela, é imposible imaxinar a historia sen lembrar os inventos que éste traía cada ano no mes de marzo, especialmente o xeo (xa no espectacular comezo do libro!)

Descrito coma xente honrada e inxeniosa, traba amizade con José Arcadio Buendía.

Melquíades tamén é clave no final... pero iso non o desvelaremos aquí!




LA GITANILLA

de M. de Cervantes

É a primeira “Novela Ejemplar” de Cervantes, e conta a emocionante historia de Preciosa, unha fermosa xitana da que se namora tolamentemente un mozo noble, ao que lle impón dúas condicións: esperar dous anos para casar e levar a vida de xitano mentres tanto.

O xoven renuncia a todo por amor, pasando por alto as diferenzas de clase e as convencións sociais.




LAS HISTORIAS DE MANUELA

de Marta Osorio

Manuela é unha nena xitana de orixe humilde e chea de curiosidade que emprega a súa fantasía para entreterse deixándonos entrar no seu mundo fantástico, real e poético. As súas aventuras e fantasías transcorren no mar e no campo.

O libro destaca pola súa linguaxe poética e accesible para os máis pequenos e polas súas coloridas ilustracións.



ILIANA, LA NIÑA QUE ESCUCHABA AL VIENTO

de Antonia Ródenas

Iliana, unha nena xitana “co pelo como o cobre vello e brillante” afronta a perda dunha persoa moi querida con gran valentía e imaxinación.


Trátase dun libro cheo de maxia, ilustrado por Carme Solé.



LAS FLORES DEL MAL

de Charles Baudelaire

O poeta Charles Baudelaire, no seu icónico libro Les Fleurs du Mal, ten un coñecido poema titulado “Les Bohémiens” no que fai unha descripción poética desta “profética tribu” que fan “florear o deserto” ao seu paso na súa eterna viaxe.



MIGUEL STROGOFF

de Jules Verne

Xa fixemos na nosa Biblio varias exposicións sobre Verne nos últimos anos e deseñamos marcapáxinas para homenaxealo. Neste caso queremos facernos eco do personaxe de Sangarra, unha xitana errante, salvaxe e fiel, que destaca na novela “Miguel Strogoff”.

BOHÉMIENS EN VOYAGE

de Charles Baudelaire


La tribu prophétique aux prunelles ardentes
Hier s'est mise en route, emportant ses petits
Sur son dos, ou livrant à leurs fiers appétits
Le trésor toujours prêt des mamelles pendantes.

Les hommes vont à pied sous leurs armes
luisantes

Le long des chariots où les leurs sont blottis,
Promenant sur le ciel des yeux appesantis
Par le morne regret des chimères absentes.

Du fond de son réduit sablonneux le grillon,
Les regardant passer, redouble sa chanson ;
Cybèle, qui les aime, augmente ses verdure,

Fait couler le rocher et fleurir le désert
Devant ces voyageurs, pour lesquels est ouvert
L'empire familial des ténèbres futures.



PARA MÁIS INFORMACIÓN VISITADE ESTAS LIGAZÓNS:

[FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO](#)

https://www.gitanos.org/la_comunidad_gitana/una_cultura_oral.html.es

[BANDEIRA DO POBO XITANO](#)

[8 de abril: DÍA INTERNACIONAL DO POBO XITANO](#)

"Lección Gitana" : repaso sobre os acontecementos máis importantes da Historia do Pobo Xitano.

"El tatuaje que más duele" , contra a discriminación que sofre esta minoría.

[Instituto de Cultura Gitana](#)

[HELIOS GÓMEZ \(Real Academia de Historia\)](#) . Artista e ilustrador.

[LITA CABELLUT](#) unha das pintoras actuais máis cotizadas (aínda que se cuestiona a súa orixe).

UNIDADES DIDÁCTICAS PARA TRABALLAR SOBRE ESTE TEMA:

[Generalitat Valenciana](#) (dende Infantil a 4º ESO).

[Educar frente al antigitanismo](#) (Ministerio de Educación) -ESO-

[Materiales didácticos sobre el pueblo gitano](#) (Ministerio de Educación) -EP-